

Proxecto: Parque eólico Troitomil
Documento: Memoria refundida da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural
Localización: A Baña e Negreira (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power SL
Remitente: Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Data rexistro: 24.08.2022
Expediente: 03.I.486.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2438/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 24.08.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da documentación achegada polo promotor por mor das modificacións introducidas no proxecto inicial do parque eólico Troitomil. Facilítase a ligazón para descargar o documento nomeado *"Memoria refundida da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Parque eólico Troitomil, concellos da Baña e Negreira (A Coruña)"*.

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia atópanse nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os seguintes antecedentes:

- *"Estudio de Impacto Ambiental. Parque eólico Troitomil. Abril 2020"* e *"Proxecto sectorial. Parque eólico Troitomil. Maio 2020"*, informados favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 24.06.2021.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016)
- Decreto 158/2014, de 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa (DOG núm. 245 do 23.12.2014)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)

Análise da documentación e consideracións técnicas:

A documentación remitida consiste na Memoria refundida da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, asinada en decembro de 2021 polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, da empresa ZETA ARQUEOLOXÍA, S.L. Este documento emenda erros e actualiza a valoración dos impactos atendendo aos cambios e axustes introducidos no deseño do parque eólico.

As modificacións e axustes consisten en:

- **Actualización da planta de trazado:** Modificación do vial de acceso aproveitando a estrada existente DP-0702 e a estrada Vilar da Torre, eliminación do eixo que dá acceso á posición T03 para integralo dentro do eixo 01 e colocación de tres zonas de xiro necesarias para as manobras dos vehículos especiais.
- **Actualización das plataformas:** Modificación das dimensións das plataformas de montaxe para as posicións T01, T02, T03 e T04, redución da plataforma de montaxe da posición T05 para realizar a montaxe en dúas fases, lixeira reorientación das plataformas T01, T03 e T04 para optimizar o movemento de terras e minimizar así o impacto ambiental xerado e ampliación da superficie da zona de acopio.



- **Actualización da instalación eléctrica:** Modificación da rede de media tensión adaptándose ao novo trazado e disposición da obra civil e modificación da superficie da subestación reducíndoa ao estritamente necesario.

De acordo con esta memoria refundida, no ámbito de estudo do parque eólico identifícanse nunha táboa 22 elementos do patrimonio cultural, dos cales 16 elementos patrimoniais (10 arqueolóxicos e 3 arquitectónicos e 3 etnolóxicos) localízanse dentro do ámbito da prospección intensiva (200 m).

No proxecto inicial ningún dos elementos identificados víase afectado polas obras. Coas modificacións introducidas a valoración do impacto varía soamente para os seguintes elementos do patrimonio cultural:

- **GA15007014 Castro de Vilar de Torre. Os Castros.** A infraestrutura máis próxima é o vial de acceso cara á aliñación Sur e a TM. Aproveitase unha estrada existente, modificando radio de curva a uns 81 metros ao SW do castro, xusto no límite exterior do seu ámbito de protección específico, recollido no planeamento municipal. As modificacións da estrada existente para adecuala ao vial de obra realízanse polo lado oposto ao elemento. A gabia, así como os movementos de terra en zonas non afectadas previamente, modificáronse para situalos fóra da cautela do elemento. Cualifícase o impacto como compatible e propónse como medidas correctoras específicas as seguintes:
 - Balizado permanente do elemento con material estable, o do fronte de obra máis próximo, mentres duren os traballos de construción.
 - Control presencial das obras dentro do ámbito de protección do elemento.
- **RE15007003 Petróglifo da Pena de Alde.** A infraestrutura máis próxima é a plataforma, en desmorte, do T04, a uns 185 metros ao NW do elemento, de dubidoso orixe antrópico. Cualifícase o impacto como compatible e propónse como medidas correctoras específicas as seguintes:
 - Balizado permanente do elemento con material estable, o do fronte de obra máis próximo, mentres duren os traballos de construción.
 - Control presencial das obras dentro do ámbito de protección do elemento.
 - Limpeza e rexistro detallado do elemento, para tratar de pescudar se o seu orixe é ou non antrópico, no marco do control arqueolóxico.
- **AR-12 Capela de Vilar da Torre.** A infraestrutura máis próxima é o vial de acceso cara á aliñación Sur e a TM. Aproveitase unha estrada existente, modificando radio de curva a uns 78 metros ao NW do elemento. As modificacións da estrada existente para adecuala ao vial de obra realízanse polo lado oposto ao elemento. A gabia, así como os movementos de terra en zonas non afectadas previamente, modificáronse para situalos fóra da cautela do elemento. Cualifícase o impacto como compatible e propónse como medidas correctoras específicas as seguintes:
 - Balizado permanente do elemento con material estable, o do fronte de obra máis próximo, mentres duren os traballos de construción.
 - Control presencial das obras dentro do ámbito de protección do elemento.

Asemade, na análise da paisaxe cultural que fai o arqueólogo nesta memoria refundida, indícase a existencia de valados de pedra en seco, os da zona norte afectados pola antiga reestruturación parcelaria, mentres que os da zona sur conservan a súa vinculación con camiños en algúns casos.

As medidas correctoras de carácter xeral son as mesmas que as establecidas na Memoria da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural asinada en marzo de 2020 incluíndo, a maiores, a seguinte medida correctora para a afección aos muros feitos coa técnica da pedra en seco:

- No caso de que o proxecto afecte a valados tradicionais feitos coa técnica da pedra en seco, serán conservados na medida do posible e rexistrados de forma exhaustiva.

Unha vez analizado o documento cómpre informar que as modificacións introducidas no proxecto do parque eólico e reflectidas na documentación agora presentada varían as afeccións sobre algúns elementos do patrimonio cultural, porén os impactos resultantes, coas medidas correctoras específicas propostas no documento, considéranse compatibles coa súa protección.



INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, se informa de xeito **favorable** as modificacións introducidas no proxecto do parque eólico Troitomil, debéndose ter en conta as medidas correctoras específicas e xerais establecidas na Memoria refundida da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural.

Asemade, mantense o resto dos condicionantes pertinentes incluídos no informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitido o 24.06.2021 sobre o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial.

Documento asinado electronicamente

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 584

*Parque eólico Troitomil, A Baña e Negreira (A Coruña)
Memoria refundida da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural*

